

DÓECHE?/ SI./ PARO?/ NON.

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2005]). “Dóeche?/ Si./ Paro?/ Non”. En Yolanda Castaño, *Delicia*. Santiago: Editorial Compostela [sen paxinar]. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1210>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2005). “Dóeche?/ Si. / Paro?/ Non”. En Yolanda Castaño, *Delicia*. Santiago: Editorial Compostela [sen paxinar].

* Edición dispoñíbel desde o 10 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DÓECHE?/ SI. /PARO?/ NON.

[LIMIAR AO LIBRO DE YOLANDA CASTAÑO *DELICIA*, 2005]

Xabier Cordal

Os textos de Yolanda Castaño (Compostela, 1977) foron dos primeiros da nosa literatura en conseguir que o lector ou lectora, mentres invocaban a nobre e silenciosa musa da interpretación, no canto de desprazar a man ao corazón (heroico) ou ao queixelo (reflexivo), se conducisen polo corpo con arte discreta. Sacudíannos poeira solemne os poemas de Yolanda e á autora –dezaoito anos cando escribía *Delicia*, publicada algo despois por Espiral Maior con prólogo de Teresa Seara– éntralle unha risa en forma de paradoxo: “*O meu escudo invisible poden velo todos os necios*”, di.

Non sei vostedes, pero eu doume por aludido. Freya, Afrodita, Astarté, son a mesma e terrible deusa que sorrí en presente eterno aínda que cambie os nomes e os lugares. Narrábanse con dicción pulcra e resolta a través dos seus labios pintados, nas estreliñas de prata que a poeta adolescente adhería ás meixelas. Aínda así a celebración erótica, a que se escribe, mesmo a que se exerce, ten unha xenealoxía cultural, e ao mellor algo cómpre dicir acó sobre iso.

Oiremos e leremos abondo acerca do asunto porque se pechan hogano trinta primaveras desde que alguén lle lembrou ao amante Cunqueiro que resulta que temos corpo. Non é capricho o feito de *Delicia* homenaxear, nunha das escasas alusións estritamente literarias, a obra de Ferrín. Fíxolle falta unha xeración á cultura académica do país (na popular sempre arderon os eixos e se moeron as noites) para assimilar o balazo na liña de flotación da castidade, virtude tan admirada por Risco. Un erro de crítica moi patriarcal, e polo tanto reaccionario, asimilou a pólvora ao político e a magnolia –Yolanda chámalle orquídea, incéndiaa– ao íntimo, sendo o íntimo unha estraña sorte de utopía de descanso nas relacións sociais; as relacións sociais son relacións de poder. Bastante poeta masculino decidiu quedar alí e cabalgou o sábado, coma os unicornios.

Pero a historia non se para: o íntimo pasou tamén a ser político polo menos para esa xeración formada na Universidade, futuras donas de si con innegociable proxecto de piso e de traballo propios. A eclosión chegou tarde a respecto da muller escandinava ou norteamericana, e moito máis tarde aínda a respecto da soviética. Entón as poetas galegas despregáronse cubrindo cadansúa fronte: a do pracer, a da independencia, a do saber. Todas tiñan corpo e a todas lles pertencía. Habitarse e relatarse son actos soberanos que deveñen literariamente en revolución, a mesma que provocara Safo cando reinventou a lírica, isto é, o concepto de individuo.

Yolanda Castaño, fiel ao corpo –a lingua é parte do corpo–, recoñecida polo público e pola crítica desde a súa espectacular irrupción a principios dos noventa, tornarase aquí referencia lírica de primeira orde: técnica precoz, enxeño e ironía, concibirá o erotismo en

estilo directo, limpándolle os disfraces sentimentais. *Delicia* foi a segunda entrega dunha autora á que irán e virán beber as poéticas emerxentes, ármase con material vitalista, menú sensorial e vocación de fábula. Luísa Castro, xa emigrada daquela á literatura española, foi menos audaz. *Delicia* explora unha sexualidade real, non alleada, consciente, afirma que o gozo existe, nega tanto o drama coma a metafísica carnais. Hai dentro dela combate, desamor e sarcasmo, mais ningún resentimento. A muller e a poeta son libres. E escollen na maneira que aclara un dos textos, máis ca autopoético, carta de principios para a vida: “*Non reparo/ [...en] pasteis mimosos de canela e seda/[...] en ceras silvestres e dóciles [...]/ Eu só quero pintar.*”

Acción en vez de contemplación, a muller e a poeta rexeitan ollar atrás. Yolanda rompe a crisálida prevista e lanza a súa valentía profesional a sobrevivir nun sistema literario que tantas veces queda satisfeito laiándose da precariedade. A proba do que afirmamos arriba, a proba de Yolanda Castaño como un dos símbolos xeneracionais, é que autores destes novísimos, novísimos por idade, afinan as súas armas de promoción disparando contra o que ela representa.

Aquela muller e poeta que escribía *Delicia* medrou en habilidades, gañou un estraño don que lle permite estar en varios escenarios (platós, congresos, xornais...) ao mesmo tempo. E permanecer no poema: o recién enornado *Libro da egoísta*, por seguir o costume, reeditouse e presentouse en locais con xente de pé, a rebordar as portas. Na poesía en xeral, e na galega en particular, só os curtos de vista poden desprezar o éxito. De quen minusvalora o argumento lírico da sensualidade, francamente, nin teño opinión.

No entanto, Yolanda Castaño continúa a ser un texto á espera de discurso máis amplo ca o que adoitan poñer as contracapas dos libros. Que por certo teñen razón, máis exactamente son ela, a verdade espida nesta *Delicia*, espello onde quixo mirarse a autora cando xove. Os ollos de carbón e os brancos brazos de Ishtar contaron outra volta á tarde cálida, como era no principio, a crónica dos corpos que se confonden, dos cuartos que quedan pechados para toda a vida dentro de nós. Pero nunca antes se cerraran así neste idioma. Nin tampouco –ese é o aspecto terrible da deusa– volverán relatarse coa mesma líquida inxenuidade na lingua de Yolanda.